

Decreto nº 393/2012

Ref. Aprobación licitación SAF 2012

Incoado por acordo da Xunta de Goberno Local do día 12/06/2012, a licitación relativa ao "SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF) DO SISTEMA DE AUTONOMIA PERSOAL E ATENCIÓN Á DEPENDENCIA NO CONCELLO DE RIANXO unha vez xustificada a súa necesidade, por procedemento aberto en atención á súa contía, e tramitación ordinaria.

Visto que o expediente inclúe:

- Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerán a contratación, así como os seus Anexos.
- Pregos de prescricións técnicas para a prestación do servizo.
- Informe conxunto de Secretaría e de fiscalización da Intervención do 13/07/2012.
- Certificado de existencia de crédito do 13/07/2012, para o actual exercicio.

Sendo competente para a aprobación do expediente previa á apertura do procedemento de adxudicación a Xunta de Goberno Local por delegación desta Alcaldía via Resolución nº 912/2011, do 27 de xuño, mais sendo preciso axilizar a tramitación desta licitación cara a ter o proceso rematado antes da finalización do contrato actual, esta Alcaldía

RESOLVE:

Primeiro: Revogar puntualmente a delegación efectuada na Xunta de Goberno Local via Resolución nº 912/2011, polo exposto e en relación a esta fase do expediente de licitación.

Segundo: Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento ABERTO, tramitación ordinaria, de acordo co artigo 110, 138 e ss, 157 e ss e 301 e ss do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, para a adxudicación do "SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF) DO SISTEMA DE AUTONOMIA PERSOAL E ATENCIÓN Á DEPENDENCIA NO CONCELLO DE RIANXO", cun orzamento total de execución por contrata de 372.374,88€ (trescentos setenta e dous mil trescentos setenta e catro euros, con oitenta e oito céntimos de euro) co IVE correspondente do 4%, para 24 mensualidades de servizo maila posible prórroga de ata 12 meses.

Terceiro: Aprobar os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares, cos seus Anexos, e Pregos de Prescricións Técnicos de prestación do servizo, que rexerán a contratación.

Cuarto: Aprobar o gasto correspondente a dito servizo por importe de 372.374,88€ (trescentos setenta e dous mil trescentos setenta e catro euros, con oitenta e oito céntimos de euro) IVE incluído, que se desagrega nun valor estimado de 358.052,77€ (trescentos cincuenta e oito mil cincuenta e dous euros, con setenta e sete céntimos de euro) e o IVE que supón a contía de 14.322,11 € (catorce mil trescentos vinte e dous euros con once céntimos de euro), con cargo á partida 231/227/99 do orzamento municipal vixente.

Quinto: Dispoñe-la apertura do procedemento ABERTO de adxudicación, tramitación ordinaria, publicándose esta no perfil do contratante e BOP e DOG, outorgando un prazo de presentación de ofertas que se computará dende o día seguinte á última publicación, de conformidade co artigo 154 do TRLCSP.

Rianxo, 13 de xullo de 2012

O ALCALDE Accidental

D. Jose C. Gey Hermo



A SECRETARIA, que dou fe.

Dª Carolina Costoya Pardo

